

Instrución VI/2007 da Xerencia sobre vacacións e días de asuntos particulares do persoal que percibe as súas retribucións con cargo ao Capítulo VI

A publicación do Estatuto Básico do Empregado Público, (Lei 7/2007 de 12 de abril), no seu artigo 48 e seguintes, ven regulamentar determinados dereitos de forma conxunta para o persoal de réxime funcional e para o persoal laboral; dereitos que poden ser exercitados sen distinción de réxime dende a entrada en vigor do dito Estatuto.

Non obstante e sendo preciso clarexar determinados extremos para a aplicación ao persoal que percibe as súas retribucións con cargo ao Capítulo VI dos orzamentos da Universidades, estimase conveniente ditala seguinte,

Primeiro.- Vacacións

Para os traballadores que perciban a súas retribucións con cargo as partidas do Capítulo VI dos orzamentos da Universidade, as vacacións anuais serán dun mes natural ou de vinte e dous días hábiles por ano completo de servizo ou en forma proporcional ao tempo de servizos efectivos. Para estes efectos non se considerarán como días hábiles os sábados..

Aqueles traballadores que tiveran xa disfrutadas as vacacións e que como consecuencia do computo por días hábiles tiveran dereito a algún día mais, poderán gozalo antes do 15 de xaneiro de 2008, de acordo coas necesidades do servizo e trala autorización do responsable do centro de gasto ao que este vinculada a partida orzamentaria.

Segundo.- Días de Asuntos Particulares

Os traballadores que perciban a súas retribucións con cargo as partidas do Capítulo VI dos orzamentos da Universidade, disporán para o ano 2007, con efectos dende o 13 de maio de 2007, de 4 días de asuntos particulares; que poderán dispoñer deles sempre e cando as necesidades do servizo o permitan e trala autorización do responsable do centro de gasto ao que este vinculada a partida orzamentaria..

Os días que correspondan a cada traballador serán proporcionais ao tempo de servizos efectivos dende o 13 de maio de 2007, data da entrada en vigor do Estatuto Básico do Empregado Público.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2007
O Xerente,
Pedro García Moreno